

---

## **PREGUNTA ORAL DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE O CONTROL DA OCUPACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO POR PARTE DAS TERRAZAS DE HOSTELERÍA**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte PREGUNTA ORAL, sobre O CONTROL DA OCUPACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO E O CUMPRIMENTO DA ORDENANZA DAS TERRAZAS aprobada no ano 2018, para evitar molestias á veciñanza.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A regulación da ocupación do espazo público por parte das terrazas dos locais de hostalería sempre foi unha cuestión delicada, pola necesidade de conciliar as demandas dos establecementos co dereito da veciñanza a desfrutar e circular con liberdade por ese mesmo espazo público.

Durante o tempo de pandemia, ante o peche ou as limitacións de ocupación no interior dos locais e cun criterio que foi compartido polo grupo municipal de Compostela Aberta, flexibilizouse a ocupación do espazo público. Tratábase de facilitar o mantemento destes negocios e dos postos de traballo na hostalaría, un dos sectores máis damnificados polas restricións derivadas da Covid.


Co levantamento das limitacións de ocupación do espazo no interior dos establecementos débense ter recuperado as ocupacións do espazo público permitidas previamente a cada local, que garantían ese equilibrio entre as demandas do sector e os dereitos da veciñanza. Isto foi así na maioría dos casos, mais durante este verán recibimos diversas denuncias, tamén realizadas ante o Concello, nas que podemos constatar o descontrol na ocupación do espazo público con casos concretos, en rúas como Carretas ou a Troia, nos que a alta ocupación das terrazas pola presión turística impedían incluso o acceso aos portais por parte das persoas residentes.

Entendemos que é necesario manter o cumprimento da ordenanza, reformada despois dun longo periodo de diálogo no ano 2018, e que o Concello non pode caer na xustificación da alta demanda por parte dos visitantes que en moitos puntos da nosa cidade dificultaron gravemente a convivencia coas persoas residentes.

Tendo en conta o anterior, desde o grupo municipal de Compostela Aberta presenta para súa resposta **ORAL** a seguinte **PREGUNTA**:

- **Cales son os motivos polos que non se controla a ocupación do espazo público por parte das terrazas, que nas zonas con maior presión turística invaden o espazo público, impedindo incluso o acceso ás vivendas delimitado tras a última modificación da ordenanza de terrazas?**

Santiago de Compostela, 21 de Setembro de 2022



Jorge Duarte Vázquez



GRUPO MUNICIPAL

Concelleiro do Grupo Municipal de Compostela Aberta